SISTEMA DE LICITACIÓN ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA (SILEX)

Requisitos técnicos

CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN			
Nome do documento:	Requisitos técnicos	Versión:	01.00
Codificación de documento:	Manual de usuario: MU		
Elaborado por:	CIXTEC	Data:	04/12/2020
Validado por:		Data:	
Aprobado por:		Data:	

	REXISTRO DE CAMBIOS	
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación
01.00	Publicación do documento	04/12/2020
02.00	Actualización da versión do documento	22/02/2021
03.00	Actualización da versión do documento	21/04/2023
04.00	Actualización da versión do documento	16/05/2024
05.00	Actualización da versión do documento	22/11/2024

LISTA DE DISTRIBUCIÓN (opcional)		
Nome	Número de copia	Área/Centro/Situación

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Consellería de Facenda e Administración Pública. A información que contén deberase empregar, exclusivamente, para os fins para os que foi xerada e que requiran necesariamente do seu emprego.

A reprodución total ou parcial, por calquera medio ou método, do contido deste documento para un fin distinto ao inicialmente previsto nel non está autorizada.

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 4

1.1. Acerca desta guía. 4

1.2. Axuda 4

2. REQUISITOS PARA A PRESENTACIÓN DE OFERTAS 5

2.1. Requisitos para licitar 5

2.2. Información do equipo para licitar 5

2.3. Instalación da ferramenta de licitación SILEX 6

3. CONTORNA DE PROBAS 7

4. PROBLEMAS COÑECIDOS 8

4.1. Erro de comunicación entre o navegador e a ferramenta de licitación SILEX 8

4.2. Microsoft Edge 9

4.2.1. Habilitar o uso de cookies en Microsoft Edge 9

4.3. Mozilla Firefox 11

4.3.1. Habilitar o uso de cookies en Firefox 11

4.3.2. Certificado dixital non recoñecido ao asinar a oferta en Mozilla Firefox 12

4.4. Google Chrome 12

4.4.1. Habilitar o uso de cookies en Google Chrome 12

1. INTRODUCIÓN

1.1. Acerca desta guía.

Este manual explica os requisitos técnicos necesarios para poder presentar ofertas telemáticas a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX).

1.2. Axuda

Para obter soporte técnico, pódese poñer en contacto connosco na seguinte URL:

https://www.xunta.gal/eservizos/soporte-tecnico/asistente-en-lina

ou ben dende a páxina web do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), premendo no enlace inferior ***"Atención ao usuario"***.

2. REQUISITOS PARA A PRESENTACIÓN DE OFERTAS

2.1. Requisitos para licitar

Para poder presentar unha oferta telemática en SILEX hai que cumprir os seguintes requisitos:

1. PC con sistema operativo Microsoft Windows nas súas últimas versións con servizos de mantemento, conexión a Internet e algún dos seguintes navegadores:
   - Microsoft Edge, última versión.
   - Mozilla Firefox, última versión.
   - Google Chrome, última versión.
2. Ter instalada a última versión da "***Ferramenta de Licitación SILEX"*** que se poderá descargar dende o apartado ***"Área de descargas"*** da páxina de inicio de SILEX: www.conselleriadefacenda.es/silex.
3. Dispoñer de Certificado dixital recoñecido pola Consellería de Facenda e Administración Pública. No seguinte enlace pode consultar todos os certificados admitidos.

http://www.conselleriadefacenda.es/web/facenda/servizos-e-tramites/ov-perceptores/admision-autoridades-certificadoras

4. Espazo libre en disco de, aproximadamente, catro veces o tamaño dos ficheiros que conforman a oferta.
5. Recoméndase que o equipo teña 4Gb de memoria RAM.
6. Pausar a sincronización de arquivos (Google Drive, OneDrive, ...) con servizos na nube mentres realízase a presentación de ofertas.
7. No caso de utilizar documentación xerada dende o sistema operativo de Apple, a denominación dos arquivos só pode conter caracteres alfanuméricos sen acentos gráficos nin "ñ".
8. Javascript e cookies habilitadas.

2.2. Información do equipo para licitar

Silex dispón dunha ferramenta que permite obter información sobre a configuración do seu equipo, de forma que poda comprobar se cumpre cos requisitos necesarios.

Para acceder a esta ferramenta acceda a http://www.conselleriadefacenda.es/silex e seleccione a opción ***"Comprobación e preparación do equipo para licitar"***.



Aparece unha xanela de advertencia informando que é necesario ter actualizada a ***"Ferramenta de licitación SILEX"***



A continuación, aparecerá unha pantalla coa información da configuración actual do seu equipo (sistema operativo, navegador, etc...)

2.3. Instalación da ferramenta de licitación SILEX

Silex dispón dunha ferramenta que será obrigatoria para presentarse a unha licitación ou presentar documentación requirida.

Para acceder a esta ferramenta , prema http://www.conselleriadefacenda.es/silex e seleccione a opción ***"Ferramenta de Licitación SILEX"***, na sección ***"Área de descargas".***



3. CONTORNA DE PROBAS

Para asegurarse de que o seu equipo está listo para licitar electrónicamente, pode presentar unha oferta nalgún dos expedientes ficticios publicados na contorna de probas. Recordámoslle que as ofertas presentadas nesta contorna non teñen ningunha validez legal e que os documentos achegados non deben ser as ofertas reais.

Para simular a presentación dunha oferta, débese premer ***"Acceso á contorna de probas"***.



A continuación, aparecerá unha xanela de Advertencia informando que é necesario ter actualizada a "Ferramenta de licitación SILEX".

Para indicar que estamos na contorna de probas, aparecerá en pantalla unha barra superior de cor vermello co aviso ***"CONTORNA DE PROBAS"*** e unha xanela informando que as ofertas presentadas na contorna de probas non terán validez legal

4. PROBLEMAS COÑECIDOS

NOTA: non se poden ter iniciadas varias sesións no SILEX ao mesmo tempo, xa sexa en diferentes pestanas ou xanelas do navegador, durante a presentación de ofertas.

4.1. Erro de comunicación entre o navegador e a ferramenta de licitación SILEX

Ao tentar achegar a documentación para a oferta, pode ocorrer que non se inicie a "***Ferramenta de licitación SILEX"*** no navegador e apareza o seguinte aviso:

Para solucionalo, realizaranse as seguintes accións:

1. Comprobar que está instalada a última versión da ***"Ferramenta de Licitación SILEX"***. Comprobar, no navegador, que está importado o certificado "SILEX ROOT" en "Entidades de certificación raíz de confianza", este certificado sólese importar no momento da instalación da ***"Ferramenta de Licitación SILEX"***.



Se a ***"Ferramenta de Licitación SILEX"*** estivese instalada, pero non estivese o certificado "SILEX ROOT" en ***"Entidades de certificación raíz de confianza"***, habería que:

a. Desinstalar a ***"Ferramenta de Licitación SILEX"***.
b. Eliminar o directorio de instalación da ***"Ferramenta de Licitación SILEX".***
c. Reiniciar o equipo.
d. Volver a instalar a ***"Ferramenta de Licitación SILEX".***

2. Abrir o navegador, con permisos de administrador, premendo o botón dereito do rato enriba da icona do navegador e elixir a opción ***"Executar como administrador"***:



e. Cárgase a xanela do navegador e, dende ela, accédese a SILEX (www.conselleriadefacenda.es/silex) e realízase a presentación da oferta.

4.2. Microsoft Edge

4.2.1. Habilitar o uso de cookies en Microsoft Edge

As cookies están habilitadas, por defecto, no navegador. Para comprobar a configuración faise clic na icona da parte superior dereita do navegador e seleccionase ***"Configuración"***. No menú lateral esquerdo selecciónase ***"Cookies e permisos do sitio"*** e nas opcións da dereita selecciónase ***"Administra e elimina cookies e datos do sitio"***.



Compróbase que está seleccionada a opción ***"Permitir que os sitios web garden e lean datos de cookies (recomendado)"***.



4.3. Mozilla Firefox

4.3.1. Habilitar o uso de cookies en Firefox

As cookies están habilitadas, por defecto, no navegador. Para comprobar a configuración faise clic no botón ***[Menú]*** da parte superior dereita e selecciónase ***"Axustes"***. Selecciónase o panel "***Privacidade e seguridade"***, vaise á sección Historial e na lista que se desprega elíxese a opción ***"Usar unha configuración personalizada para o historial"***.



Compróbase a configuración das cookies:

- Se está seleccionada a opción **Estándar**, significa que está activada a configuración predeterminada do bloqueo de contido e que as cookies están habilitadas.
- Se está seleccionada a opción **Estrita**, hai que elixir entre **Estándar** para aceptar todas as cookies ou **Personalizar** e asegurarse de que as cookies non están bloqueadas.
- Se está seleccionada a opción **Personalizada**, hai que asegurarse de que non está marcada a opción **Cookies**.

4.3.2. Certificado dixital non recoñecido ao asinar a oferta en Mozilla Firefox

Pódese dar o caso de que, en Mozilla Firefox, ao tentar asinar a documentación seleccionada para a oferta, apareza o seguinte aviso:



Isto é debido a que non importouse o certificado dixital do asinante no almacén de certificados de Windows. O certificado dixital do asinante, ademais de ter que estar importado en Mozilla Firefox, tamén é necesario que estea importado no almacén de Windows para poder asinar a documentación seleccionada para a oferta.

4.4. Google Chrome

4.4.1. Habilitar o uso de cookies en Google Chrome

As cookies están habilitadas, por defecto, no navegador. Para comprobar a configuración faise clic na icona da parte superior dereita do navegador e selecciónase ***"Configuración"***. No menú lateral selecciónase ***"Privacidade e Seguridad"***.

Dentro de ***"Privacidade e Seguridad"*** selecciónase a opción **"Cookies e outros datos de sitios".**



Compróbase que está seleccionada a opción ***"Permitir todas as cookies"***.